

XORNADA TÉCNICA: ESTRATEXIAS EFECTIVAS E CREATIVAS NA INTERVENCIÓN SOCIAL CON MOZOS E MOZAS TRAUMATIZADOS

Xornada técnica

ESTRATEXIAS EFECTIVAS E CREATIVAS NA INTERVENCIÓN SOCIAL CON MOZOS E MOZAS TRAUMATIZADOS

 **Horario:**
de 9:30 a 14:30, 5 horas

 **Data:**
20 outubro 2023

 **Modalidade:**
presencial na sede do CEESG

 **Docente:**
Iñigo Martínez de Mandojana

 **Diploma de aproveitamento**

 **Cota de matrícula:**
25€



Con cada inscrición leva de agasallo un exemplar de Os Bolechas e a Educación Social


colexio de educadoras e educadores sociais de galicia



1.- Presentación:

A evidencia científica, en especial todas as achegas da neurobioloxía nestes últimos 10 anos, son claves para entender a intervención con nenos, nenas e adolescentes desde un modelo máis comprensivo e acomodado ás súas necesidades. Grazas a estes avances podemos entender que sucede a nivel cerebral e estrutural co trauma, o abandono e a negligencia e como podemos adaptarnos a esas circunstancias para poder reparalas e favorecer a resiliencia. En especial naqueles nenos, nenas e adolescentes que de maneira directa ou vicaria sufriron traumatización por parte dunha ecoloxía adversa que comprometeu o seu desenvolvemento madurativo.

Así pois, ao longo das 5 horas introducirémonos nalgunhas das claves básicas da neurobioloxía do abandono e do trauma e sobre todo como establecer unha ponte para implementar unha presenza rehabilitadora e no día a día cos nenos, nenas e adolescentes. Así mesmo, traballaremos habilidades, estratexias e actitudes que posibiliten un acompañamento máis efectivo e respectuoso coa dor destes e destas.

2.- Datos básicos da formación:

Datas: 20 outubro de 2023, de 9:30 a 14:30.

Duración do curso: 5 horas de formación certificada

Modalidade: Presencial.

Lugar: Na sede do CEESG (de ser preciso por elevado número de inscricións mudaríamos o espazo a un con máis capacidade, sempre en Compostela)

 [R/ Lisboa 20, Baixo C Santiago de Compostela 15707](#)

Persoas destinatarias: Educadoras e Educadores Sociais Colexiadas e Amigas do Ceesg, así como de calquer Colexio profesional adscrito ao CGCEES

Cota de matriculación: 25€ con cada inscrición agasállase cun exemplar do libro/guía Os Bolechas e A Educación Social.

Inscricións: Na páxina web do CEESG. [Inscricións intervención trauma](#)

Data límite inscricións: 13 de outubro.

3.- Obxectivos:

- Proporcionar ferramentas útiles para a intervención con mozas e mozos traumatizados.
- Coñecer as novas realidades e contextos que afectan ao sufrimento e ao desenvolvemento madurativo dos mozos e mozas hoxe en día.
- Repensar a práctica socioeducativa por parte das Educadoras e Educadores Sociais.

4.- Contidos:

Módulo I: Paradigma dos bos tratos

- Bases biolóxicas psicolóxicas e sociais
- Resiliencia e bos tratos infantís
- Conceptos craves para a comprensión do apego
- Sistemas básicos de acción

Módulo II: Modelo comprensivo do sufrimento infantil

- Neurobioloxía do abandono
- Deprivación temperá e afectación
- impacto do abandono na organización neurolóxica

Modulo III: Ferramentas para o acompañamento terapéutico

- Regulación emocional
- Pedagogía das pequenas nadas à actividades nutricias
- Xogos de apego e terapéuticos
- Vinculograma
- Traballo en Fortalezas

5.- Metodoloxía

A proposta pretende abordar tanto o Saber (coñecementos), como o Ser (rol do/a profesional) como o Saber Facer (estratexias, habilidades e recursos técnicos) na súa metodoloxía como unha maneira consistente de abordar o cambio de mirada e de praxe nos diferentes contextos de protección (medio aberto, pechado, intervención familiar, xudicial,...)

6.- Docente:



Íñigo Martínez de Mandojana

Psicopedagogo, educador social y formador

Adicou máis de dúas décadas ao traballo con nenos e nenas, adolescentes e familias en especial con aquelas en situación de desvantaxe socio-emocional a través do medio aberto, no ámbito residencial e agora mesmo nun Centro de Preservación Familiar.

Especialista en Parentalidade positiva e Resiliencia, aposta sempre pola renovación e a mellora social.

É o Escritor do libro "Profesionais portadores de Oxitocina: os bos tratos profesionais".

Acompaña tanto a pais/nais como a profesionais na arte da crianza positiva e terapéutica a través de conferencias, cursos de formación, obradoiros.

